


# QUE ACONTECEU O 4 DE OUTUBRO?\*

*Non sei ata onde irán os pacificadores co seu ruído metálico de paz.....  
Mario Benedetti, Oda á pacificación, Inventario 1950-1985.*

O 11 de setembro do 2001 pasará a historia. Para algúns unicamente como o atentado terrorista contra os Estados Unidos, para outros moitos significa algo máis, as vítimas desas accións non constitúen un feito illado senón o resultado das políticas globalizadoras neoliberais que provocan crecentes desigualdades entre o centro e a periferia e das accións deshumanizadas que levan a cabo as distintas nacións. Non debemos esquecer a moitas vítimas que, desde América Latina a Palestina pasando por Iraq, son asasinadas en accións violentas (auspiciadas polo terrorismo de estado e a vulneración do dereito internacional), ao logro de vantaxes políticas e aos beneficios dos grandes intereses económicos.

Recordemos que ao longo da Historia estes actos de violencia indiscriminada serviron de xustificación aos gobernos e forzas reaccionarias para recortaren os dereitos e liberdades dos pobos e para discriminaren calquera disidencia crítica. A Historia repítese de novo. Os Estados Unidos de América, ultraxados, buscan un responsable sen nin sequera pararse a pensar o porqué deste ataque ou os resultados que a súa política exterior produce no resto do planeta. O más fácil é atacar militarmente a un país, neste caso Afganistán, por ser morada de Osama Ben Laden. Sen embargo, o governo dunha nación débe-se presupostar separado e distinto de calquera grupo terrorista que opere dentro das súas fronteiras, ou pareceríanos lexítimo atacar o Estado Español polas accións que poida levar a cabo E.T.A.?



@s civís que viven nunha nación non poden ser considerados responsábeis das accións terroristas ou en último caso das accións do seu governo. É inadmisible e inxustificábel atacar militarmente a un pobo empobrecido e famento polas políticas realizadas polo seu governo (por erradas e represivas que sexan, antes dos atentados do 11-S tamén o eran). Ningún obxectivo político, ideolóxico, social ou xurídico pode xustificar unha soa morte inocente.

A guerra non é a solución senón o problema. As consecuencias destas accións militares serán más terribles do que imaxinamos: millóns de persoas refuxiadas (fundamentalmente mulleres e nenos), milleiros de mortes entre a poboación civil, degradación do medio ambiente.

Cómpre facer unha reflexión de todo o que está a ocorrer ao noso redor. A xus-

gar polos feitos, parece claro que á hora de falar de xustiza (infinita, duradeira ou como queiras chamala), ésta pasa por compensar as mortes de perto de 4.000 persoas nos U.S.A. provocando máis mortes; pero, non son suficientes as das nenas que morren tódolos días no Terceiro Mundo polas políticas que se seguen no Primeiro Mundo, as dos nenos palestinos ou as dos homes, mulleres, nenas e nenos iraquís polo embago atroz ó que están sendo sometidos? A resposta parece obvia: existen mortos de primeira e de segunda, e polo tanto a solidariedade tamén é directamente proporcional a renda per cápita das víctimas.

Resulta moito mas cómodo buscar o problema fóra que tratar de solucionalo dende dentro. Só serían necesarios 5 minutos para nos decatarmos que o que non funciona é o sistema ó que pertencemos, e que é o que provoca as desigualdades que se dan no mundo no que moramos e, como ben dixo o alxerino Ahmed Ben Bella en Porto Alegre: "este sistema, que xa enlouqueceu as vacas, esta enlouquecendo á xente".

Virxinia Rodríguez

\*Mentres que a data do 11 de Setembro do 2001 é difícil de esquecer (tanto polos propios feitos acontecidos, como polo constante recordatorio ao que nos someten os medios de comunicación), existe sen embargo outra data que non tivemos posibilidade de lembrar, xa que parece ser que non é de interese: o 4 de Outubro do 2001, no que comenzaron os bombardeos sobre Afganistán.

ADEGA está a participar activamente nas protestas pola intervención dos E.U.A. en Afganistán. É membro da COORDINADORA GALEGA POLA PAZ e, en colaboración con COSAL, organizou ata o momento dúas charlas-coloquio cos relatores Calos Taibo (Profesor de Ciencias Políticas, Universidade Autónoma de Madrid) e Pedro Martínez Montávez (Catedrático da Universidade Autónoma de Madrid, Departamento de Estudios Arabes e Islámicos e Estudios Orientais)

**Bar Orellas**  
Tapas e Raciós



Rúa da Fonte - ORDES - Tel: 981 680 253



**SELASSIE**  
REGGAE  
XANCA

PARQUE MUNICIPAL, 32  
ORDES (A CORUÑA)